

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIP CANOSA-RUS

NIVEL: DE 1º A 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA: 11.05.2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis para as diferentes áreas que compoñen o currículo, relacionando estes entre sí, e coas competencias clave e os obxectivos xerais da etapa.

Debido a que a relación entre os diferentes elementos xa queda establecida no currículo, a continuación presentamos unicamente os estándares de aprendizaxe que son considerados mínimos e imprescindibles para superar a área de Educación Física, relacionados coas competencias que avaliará cada un deles.

En **letra grosa contemplamos os estándares que xa foron avaliados nos 1º e 2º trimestres (non se volverán a avaliar)** e en letra normal os que seguirán sendo reforzados e repasados e ampliados no 3º trimestre.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.	CSC – CAA – CSIEE
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC
EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.	CAA
EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.	CAA
EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.	CAA
EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.	CAA
EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe longitudinal.	CAA
EFB4.1.2. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica <i>moi</i> sinxela.	CAA – CCEC
EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con certa autonomía.	CSIEE
EFB6.2.3. Realiza xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CCEC

2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.	CSC – CAA – CSIEE
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC
EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	CAA
EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	CAA
EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	CAA
EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e as frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.	CAA
EFB3.1.3. Desfruta realizando habilidades que impliquen manexo de obxectos, iniciando os xestos axeitados.	CAA
EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, intentando manter a coordinación.	CAA
EFB4.1.2. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica moi sinxela.	CAA – CCEC
EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.	CCEC – CAA
EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con certa autonomía.	CSIEE
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CCEC

3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EFB1.1.3. Mostra, con axuda, boa disposición para solucionar conflitos de xeito razoable.	CSC – CAA
EFB1.3.3. Participa na recollida e organización do material utilizado nas clases.	CSC
EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSIEE
EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións durante un tempo breve.	CAA
EFB2.2.4. Recoñece cal é a esquerda-dereita en sí mesmo.	CAA – CSIEE
EFB3.1.1. Realiza desprazamentos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	CAA
EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	CAA
EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento e recepción) en diferentes tipos de actividades, utilizando os segmentos dominantes.	CAA
EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices básicas de xiro intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	CAA
EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.	CAA - CCEC
EFB5.2.2. Mostra interese por identificar a súa propia frecuencia cardíaca.	CMCT – CAA
EFB6.1.2. Utiliza as HMB en distintos xogos e actividades físicas.	CSIEE – CAA
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CAA

4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EFB1.1.4. Recoñece, con axuda, as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	CSIEE – CSC
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSIEE
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización do material utilizado nas clases.	CSC
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.	CSC
EFB2.2.2. Esfórzase por manter o equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.	CAA
EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.	CMCT – CAA
EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en actividades físico deportivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	CAA – CSC
EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en actividades físico deportivas, intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	CAA – CSC
EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento e recepción) en diferentes actividades físico deportivas, intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.	CAA – CSC
EFB3.1.4. Esfórzase en realizar as habilidades de xiro sen perder o equilibrio e a continuidade e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	CAA
EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	CAA
EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros/as.	CCEC – CSC
EFB5.1.3. Coñece algúns aspectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.	CAA
EFB5.1.5. Realiza os quecementos con certa autonomía.	CSIEE
EFB5.2.2. Mostra interese en diferenciar a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física.	CMCT – CAA
EFB6.1.2. Utiliza as HMB en distintos xogos e actividades físicas.	CSIEE – CAA
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CAA

5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSIEE
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización do material utilizado nas clases.	CSC
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponde e o resultado das competicións con deportividade.	CSC – CAA
EFB2.1.1. Respecta aos seus compañeiros/as, independentemente do seu nivel de competencia motriz.	CSC – CAA
EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.	CAA – CSC – CCEC
EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.	CAA – CSC – CCEC
EFB3.1.3. Adapta as HMB de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo, etc) a diferentes tipos de actividades interiorizando e intentando aplicar correctamente os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.	CAA – CSC – CSIEE
EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro en distintas actividades, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.	CAA – CSC – CSIEE – CCEC
EFB3.1.5. Mantén ou axuda a manter o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	CAA – CSC – CSIEE
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas ou sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	CAA – CSC – CCEC
EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción con compañeiros/as utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.	CAA – CSC – CCEC
EFB5.1.3. Recoñece os principais aspectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e algúns prexudiciais.	CAA
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.	CSIEE
EFB6.1.2. Realiza combinacións de HMB intentando axustarse a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	CSIEE – CSC – CAA
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.	CCEC

6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSIEE
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización do material utilizado nas clases.	CSC
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre nenos/as da clase.	CSC
EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e esforzándose en manter o equilibrio postural.	CSC – CCEC – CAA – CSIEE
EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e esforzándose en manter o equilibrio postural.	CSC – CCEC – CAA – CSIEE
EFB3.1.3. Adapta as HMB de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo, etc) a diferentes actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, esforzándose en aplicar correctamente os xestos utilizando segmentos dominantes e non dominantes.	CSC – CCEC – CAA – CSIEE
EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e esforzándose en manter o equilibrio postural.	CSC – CCEC – CAA – CSIEE
EFB3.1.5. Mantén ou axuda a manter o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	CSC – CAA – CSIEE
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas ou sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	CCEC – CSC – CAA
EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción con compañeiros/as utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais .	CCEC – CSC – CAA
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais máis importantes.	CMCT – CAA
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.	CSIEE
EFB6.1.2. Realiza combinacións de HMB intentando axustarse a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	CAA – CSIEE – CSC
EFB6.2.1. Expón algunhas diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.	CCL – CCEC – CAA
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.	CCEC
EFB6.3.1. Identifica algunha CFB implicada de forma máis significativa nalgún exercicio.	CMCT – CAA

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Para o seguemento da aprendizaxe a distancia utilizaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (mediante aplicacións telemáticas) e observación posterior para a súa valoración. Utilizaremos principalmente o correo electrónico para recibir esta información, aínda que tamén se poden establecer outras vías que se consideren oportunas dependendo das situacións de cada momento.
	Instrumentos: Aplicarase unha escala de valoración sobre os vídeos, fotos e traballos escritos que serán enviados por mail para a súa valoración.
Cualificación final	<p>A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter contínuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.</p> <p>Para obter esta nota aplicarase o mesmo criterio que se establecía na programación inicial, pero unicamente poderá obterse ou modificarse a cualificación (sempre en beneficio do alumnado) naqueles estándares de aprendizaxe que se contemplan no apartado 1 como repasados, reforzados e ampliados no 3º trimestre. Os mínimos establecidos na programación inicial que non se contemplan neste apartado 1, elimínanse por considerarse imposibles de cualificar obxectivamente nesta excepcional situación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cólgase un documento en pdf e todos se poden consultar aquí: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Inténtase que as actividades plantexadas sexan o máis motivadoras posibles, tendo un carácter global e de “repaso” de habilidades e contidos propios da área. Plantéxanse moitas tarefas en forma de “retos” que motiven ao alumnado a superalos.</p> <p>No enfoque metodolóxico primase o benestar do alumnado e das súas familias, polo que se fan propostas de xogos nos que todos e todas na casa poidan participar e ocupar o tempo libre, interactuando alumno/a e familia. Non se plantexan as tarefas como se fosen parte dunha clase, senón como alternativas para facilitar o movemento e actividade física diaria e a motivación de cara a ocupar o tempo dunha maneira activa e lúdica.</p> <p>Ao alumnado sen conectividade estáselle facendo chegar estas actividades por outras vías diferentes á da páxina web, principalmente mediante chamada telefónica para explicarlles as instrucións da semana que corresponde. En casos moi concretos de alumnado desconectado, inténtanse facer un seguemento continuo (en colaboración cos titores/as) e incluso se valora a posibilidade de realizar vídeo-chamadas, levando unha atención individualizada e conxunta se así se precisa.</p> <p>Esta metodoloxía irá modificándose, se así fose necesario, atendendo ás necesidades do alumnado e das familias.</p>
Materiais e recursos	<p>Pósters de elaboración propia.</p> <p>Vídeo-tutoriais de elaboración propia sobre contidos concretos (por exemplo, bailes, habilidades...).</p> <p>Vídeos de youtube.</p> <p>Portal “Móvete connosco na casa” http://www.edu.xunta.gal/portal/moveteconnosconacasa</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en abalarMóvil cando estea dispoñible na web.</p> <p>Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóvil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
Publicidade	Publicarásese este documento na páxina web do centro.